



Concurrencia non competitiva

Orzamento
1.500.000 €

Prazos de presentación:

Entidades homologadas: do 25 de agosto ás 9.00h ata o 25 de setembro ás 14.00h

Solicitudes de axuda: unha vez publicadas as entidades homologadas e ata o 15 de novembro ás 14.00h



» QUEN PODE SOLICITALAS?

Empresarios individuais e persoas xurídicas que teñan a condición de empresa, con independencia do seu tamaño que teñan **domicilio social ou un centro de traballo en Galicia** no que se desenvolva a actuación subvencionada.

Entidades homologadas prestadoras dos servizos: entidades con personalidade xurídica propia, incluíndo as persoas traballadoras autónomas con persoal ao seu cargo, **que acrediten capacidade técnica e solvencia económica para prestar servizos especializados en materia de ciberseguridade.**

» OBXECTO DA AXUDA

Mellorar a **preparación dixital fronte a ameazas cibernéticas** nas empresas galegas, mediante a adopción de medidas de ciberseguridade que lles permitan reforzar a protección dos seus activos críticos, reducir o risco de incidentes e mellorar a súa capacidade de prevención, detección e resposta ante ameazas no entorno dixital.

» CONTÍA DA AXUDA

75% ATA UN MÁXIMO DE 30.000 €

para os gastos realizados pola empresa beneficiaria durante o período subvencionable



Gasto

De **18.000 €** ata **40.000 €**



Subvención

De **13.500 €** ata **30.000 €**



Intensidade

75%

A axuda farase efectiva mediante **pagamento directo ao proveedor homologado**, sen que a empresa beneficiaria teña que adiantar o custo

Permitirase un pagamento a conta **de ata o 50 % do importe concedido**



» TIPOLOXÍAS DOS PROXECTOS



Diagnóstico de madurez e análise de riscos




Itinerarios técnicos en modelo de servizo

1. Actuacións orientadas á migración segura e contornos cloud
2. Implantación e operación de solucións de ciberseguridade TIC
3. Despregamento de solucións de seguridade en contornas industriais




Actuacións complementarias de prestación única

1. Hacking ético
2. Concienciación e cultura en ciberseguridade
3. Gobernanza e políticas de ciberseguridade
4. Asistencia técnica especializada para o acompañamento estratéxico continuo en materia de ciberseguridade



» PRAZO DE EXECUCIÓN E SOLICITUDE DE COBRO DA AXUDA



Solicita a túa axuda en spiga-sede.igape.es

MÁIS INFORMACIÓN

